



Clasificación ofertas presentadas licitación da contratación do subministro correspondente a “camión compactador de recollida de residuos sólidos urbanos”

A **Xunta de Goberno**, en sesión celebrada o día **vinte e oito de novembro** de dous mil doce, acordou:

Con data trinta de outubro do ano que andamos publicouse anuncio de *licitación de camión compactador de recollida de residuos sólidos urbanos* no BOP num. 207/12, e no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com), *atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación*, coa finalidade de que os interesados presentasen as súas proposicións, presentándose as ofertas que constan no expediente.

Vista a proposta da Mesa de Contratación, previo informe da Comisión Asesora Técnica; unha vez examinada a documentación achegada e de acordo con ela, de conformidade co establecido no artigo 151 e na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro. Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo a proposta levada a cabo pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

1. LOUZAO VEHÍCULOS INDUSTRIALES, S.L.U : 54,16 puntos
2. COMERCIAL VEHÍCULOS INDUSTRIALES TAR, S.L : 53,33 puntos
- 3.-VEHÍCULOS, EQUIPAMENTOS Y CARROCERIAS PRIETO PUGA, S.L (VEICAR, S.L): 52,66 puntos
- 4.- INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.L: 47,83 puntos

Segundo. Notificar e requirir a LOUZAO VEHÍCULOS INDUSTRIALES, S.L.U, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente no prazo de dez días contados dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obtela de forma directa, acreditar que dispón efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.